



AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSOS 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Orde do 12 de maio de 2020, pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en 1º e 2º cursos de educación primaria para o seu uso no curso escolar 2020/21 (DOG nº 96 do martes 19 de maio de 2020).

A contía das axudas é de 210 € para familias con renda per cápita familiar ata 6.000 euros, e de 140 € para as familias con renda per cápita familiar desde 6.000 ata 10.000 euros.

A contía da axuda para adquirir material escolar será de 50€ para familias con renda per cápita igual ou inferior a 6.000€.

Enténdese por renda per cápita familiar a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade computables. A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, tendo en conta o **exercicio fiscal de 2018**, e dividindo entre o número de membros computables da unidade familiar (pai, nai, alumno e irmáns).

As familias poderán entregar as solicitudes no colexio, xunto coa documentación, **ata o 19 de xuño inclusive (entre as 9:30 h e as 13:00 h. na secretaría do centro)**. Deberán presentar unha única solicitude para todos os seus fillos/as. O impreso pódese descargar no portal educativo no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es> ou na páxina web do centro <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipramonvalenzuela/>, en ambos os dous enderezos está tamén a orde que regula todo o proceso.

Ademais da solicitude terán que presentar a seguinte documentación:

- **Orixinal e copia** do libro de familia no cal figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar, a día 31 de decembro de 2018, non coincide coa reflectida no libro, terá que

presentarse documento ou documentos que acrediten o número de membros da unidade familiar, tales como:

1. Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
2. Certificado ou volante de convivencia.
3. Informe dos servizos sociais ou órgano do concello de residencia que acredite a situación familiar.

No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, ou do alumno igual ou superior ao 33% e inferior ao 65%, deberá presentarse un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia a 31 de decembro de 2018:

1. Certificado emitido polo órgano competente do grao de minusvalía cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.
2. Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez.
3. Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar: documentación acreditativa.

(*)No caso de non autorizar a consulta telemática, achegarase copia do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar.

A documentación que se presente deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.

Bandeira, 20 de maio de 2020

A Directora
Asdo. María Villaverde Rodríguez





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP RAMÓN DE VALENZUELA

Rúa Devesa nº 6

36750 BANDEIRA - SILLEDA

EMAIL : ceip.ramon.valenzuela@edu.xunta.es

TF: 886 15 17 18

ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR CURSOS 3º, 4º, 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Orde do 12 de maio de 2020, pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir material escolar destinado ao alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria para o seu uso no curso escolar 2020/21 (DOG nº 96 do martes 19 de maio de 2020).

É requisito imprescindible para acollerse a esta convocatoria: **ter devolto os libros de texto adquiridos coas axudas do curso 2019/2020** (*a excepción do alumnado que cursou 1º e 2º de educación primaria*). O prazo máximo para a devolución dos libros será antes do **19 de xuño de 2020**. Establecerase un horario de recollida do que serán avisados previamente.

O centro asignará o uso dos libros de texto dispoñibles (os adquiridos coas axudas do curso 2019/20) por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar.

A contía da axuda para a adquisición de material escolar será de 50€ para as familias con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000€.

Enténdese por renda per cápita familiar a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade computables. A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, tendo en conta o **exercicio fiscal de 2018** e dividindo entre o número de membros computables da unidade familiar (pai, nai, alumno e irmáns).

As familias poderán entregar as solicitudes no colexio, xunto coa documentación, **ata o 19 de xuño inclusive (entre as 9:30 h e as 13:00h. na secretaría do centro)**. Deberán presentar unha única solicitude para todos os seus fillos/as. O impreso pode descargarse no portal educativo no endereço electrónico <http://www.edu.xunta.es> ou na páxina web do centro <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipramonvalenzuela/>, en ambos os dous enderezos está tamén a orde que regula todo o proceso.

Ademais da solicitude terán que presentar a seguinte documentación:

- **Orixinal e copia** do libro de familia no cal figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar, a día 31 de decembro de 2018, non coincide coa reflectida no libro, terá que

presentarse documento ou documentos que acrediten o número de membros da unidade familiar, tales como:

1. Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do causante.
2. Certificado ou volante de **convivencia**.
3. Informe dos servizos sociais ou órgano do concello de residencia que acredite a situación familiar.
4. Certificado de defunción.

No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, ou do alumno igual ou superior ao 33% e inferior ao 65%, deberá presentarse un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia a 31 de decembro de 2018:

1. Certificado emitido polo órgano competente do grao de minusvalía cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.
2. Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez.
3. Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar: documentación acreditativa.

(*)No caso de non autorizar a consulta telemática, achegarase copia do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar.

A documentación que se presente deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.

Bandeira, 20 de maio de 2020

